

Texto: **XURXO SIERRA VELOSO**

Deseño: **MARC TAEGER**

Encadernación rústica. Narrativa K

204 páxinas. 14,5x21 cm.

ISBN 978-84-96957-73-2

Prezo: 17 €

LOS NOMBRES DEL TRAIADOR

Remato a xornada laboral e volvo á casa. O corpo pídemme bata, sofá e café con leite. Sinónimos de calor, de sangue vivo que percorre as arterias. Pero aínda non podo. Antes teño que sacar a pasear a Perestroika...

“Los nombres del traidor” é a historia dunha espera; Delanuit, chófer dun narcotraficante, decídese a delatar o seu patrón ante a policía e pasa a ser un testemuño protexido. Como tal, terá que vivir baixo outra personalidade, separado da súa familia e da súa vida anterior. O novo Delanuit só terá un obxectivo: evitar que os sicarios de Sampaio, preso no cárcere, o descubran e lle dean morte.

A través dunha multiplicidade de voces e de rexistros expresivos (a do protagonista, a da súa muller, a dos sicarios, a da súa filla, a do narco que planifica a vinganza...), Xurxo Sierra Veloso sumérxenos nunha intriga que navega entre dous xéneros: a novela negra e a novela psicolóxica. A base de descrições áxiles e diálogos minimalistas e precisos, o autor graduará a lenta espera do delator cunha visión irónica sobre a vida e a morte.

Esta obra é, ante todo, unha reflexión sobre a identidade verdadeira e as aparentes. Porque, de todas as identidades que chega a ter, Delanuit conclúe que ningunha foi tan satisfactoria como para que pagara a pena loitar para defendela. O relato consegue así crear unha tensión narrativa ben dosificada, que preside a vida oculta do protagonista e nos remite a unha novela de extraordinaria expresión cinematográfica.

Os principais logros da prosa de Sierra Veloso son a súa capacidade para transmitir e para revelar a profundidade psicolóxica na que se debaten unha e outra vez os seus personaxes, e a fina captación do humor desenganado co que estes se defenden dos avatares da vida.

XURXO SIERRA VELOSO (Caracas, 1969)

Licenciado en Filoloxía Hispánica, funcionario da Universidade de Salamanca, traballa como administrativo na Escola Universitaria de Maxisterio de Zamora. Publicou as novelas “Os ollos do rei de copas” (1994), “Licor de abelá con xeo” (2006, finalista do Premio Lueiro Rey), “Os mércores de Fra” (2006, Premio Vicente Risco) e “Os nomes do traidor” (2008).

